

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

### XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de maio de 2023** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2022.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio 2023, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da **Real Federación Galega de Fútbol**, realizada alomenos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

### XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o **30 de setembro de 2022**

E en proba de conformidade, asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

**O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**      **O REPRESENTANTE DA REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL**

**D. Valentín González Formoso**

**D.Rafael Louzán Abal**

**A SECRETARIA XERAL  
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

**Asdo.: D<sup>a</sup>. Amparo Taboada Gil**



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



Número 120 /2022

**CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A REAL FEDERACIÓN GALEGA DE FÚTBOL PARA FINANCIAR A DOS PARTIDOS DA FASE ASCENSO DE PRIMERA RFEF A SEGUNDA DIVISIÓN DISPUTADOS NA CORUÑA E FERROL NO ANO 2022**

Na Coruña, a 9 de decembro de 2022

Ante min, D<sup>a</sup>. Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

### REUNIDOS

Dunha parte, D. Valentín González Formoso, Presidente da Deputación Provincial da Coruña, e  
Doutra parte, D.Rafael Louzán Abal, Presidente da Real Federación Galega de Fútbol

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecéndose recíprocamente capacidade para obrigar nos termos deste documento.

### MANIFESTAN

Que ámbalas partes recoñécense plena capacidade para outorgar o presente convenio.

Que a Deputación Provincial da Coruña, coñecedora da necesidade de impulsar o fomento do deporte está interesada en colaborar coas entidades que promoven a práctica deportiva e en especial con aqueles programas de apoio e fomento ao deporte.

Que a **Real Federación Galega de Fútbol** é unha entidade adicada a realizar programas de apoio e fomento do deporte na provincia.

En función das consideracións anteriores, a Deputación Provincial da Coruña e a **Real Federación Galega de Fútbol** coa finalidade de fixar as condicións da súa colaboración, acordan formalizar o presente convenio de colaboración, de acordo coas seguintes

### CLÁUSULAS

#### I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Real Federación Galega de Fútbol**, con CIF: G15055890 , fixando as condicións que se imponen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o cofinanciamento da **celebración dos partidos da Fase de ascenso a Primeira RFEF a Segunda División disputados en A Coruña e Ferrol no ano 2022.**

#### II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

O orzamento total da actividade, no que se inclúen os gastos do evento celebrado nas sedes de A Coruña, Ferrol e Vigo ascende a desagregado de acordo co seguinte:

| Concepto                           | Importe      |
|------------------------------------|--------------|
| Canon REF                          | 100.000,00 € |
| Organización                       | 57.650,00 €  |
| Seguridade                         | 8.300,00 €   |
| Ambulancias                        | 9.500,00 €   |
| Limpeza                            | 8.000,00 €   |
| Mantemento terreo de xogo          | 3.800,00 €   |
| Control accesos e persoal auxiliar | 8.500,00 €   |
| Suministros e retén de mantemento  | 12.000,00 €  |
| Catering e protocolo               | 7.000,00 €   |
| Publicidade e comunicación         | 12.200,00 €  |
| Transporte                         | 7.850,00 €   |
| Total                              | 234.800,00 € |

**No presente convenio se subvencionarán os gastos dos partidos da Fase ascenso de Primeira RFEF a Segunda División que se celebran en A Coruña e Ferrol no ano 2022, segundo se definen na cláusula anterior, consonte a un orzamento, que ascende a 69.760,04 €, e se desagrega de acordo co seguinte :**

| Concepto                           | Importe     |
|------------------------------------|-------------|
| Seguridade                         | 3.385,73 €  |
| Ambulancias                        | 1.240,00 €  |
| Limpeza                            | 1.700,00 €  |
| Mantemento terreo de xogo          | 5.801,88 €  |
| Control accesos e persoal auxiliar | 7.493,03 €  |
| Suministros e retén de mantemento  | 4.681,95 €  |
| Publicidade e comunicación         | 5.651,46 €  |
| Transporte                         | 6.500,00 €  |
| Gastos de organización             | 33.305,99 € |
| Total                              | 69.760,04 € |

### III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **30.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **43,00%**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación achegará o importe que represente o **43,00 %** da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3411/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a **Real Federación Galega de Fútbol** obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

### IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou suministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á **Real Federación Galega de Fútbol**.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á **Real Federación Galega de Fútbol**, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a **Real Federación Galega de Fútbol** deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

### V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- A Federación Galega de Fútbol deberá cumprir as seguintes obrigas, en todos os partidos que se xoguen nos estadios da provincia durante o play off de ascenso:

Insertar un video promocional que facilitará a Deputación durante o transcurso do descanso ou nos 2 últimos minutos do comenzo do partido.

Incluir o logotipo da Deputación Provincial da Coruña en todos os medios de comunicación onde se publicite o evento, do mesmo tamaño e a mesma altura que o resto de administracións públicas. Así como en todos os medios escritos (revistas, periódicos, panfletos, etc...)

Entregar na Deputación Provincial da Coruña 35 entradas para cada partido.

Insertar o logotipo da Deputación Provincial da Coruña coa lenda de: Deputación Provincial da Coruña 4 veces durante 15" como mínimo, durante o transcurso do partido nas pantallas (V televisión, led do campo de xogo).

Invitar á Deputación Provincial da Coruña a todos os actos públicos que se celebren co motivo da celebración da play off ascenso.

3.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento destas obrigas da **Real Federación Galega de Fútbol**. Na memoria xustificativa deberán incluír o medio e o momento ( tempo exacto -inicio e fin-) da inclusión das obrigas arriba descritas

### VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á **Real Federación Galega de Fútbol** unha vez que se presente de xeito **telemático** ( a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

\* **Memoria** de actuación, suscrita polo representante legal da **Real Federación Galega de Fútbol**, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

\* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse á totalidade da actividade realizada. Neste caso deberán achegar: a) para xustificar o cumprimento deste convenio: gastos polo importe dos gastos subvencionados no presente convenio e b) gastos para xustificar a concorrencia: gastos pola totalidade da actividade no que se incluírán todos os gastos do evento celebrado nas sedes de A Coruña, Ferrol e Vigo.

\* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

\* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

\* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

\* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

\* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

### VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2022**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a **Real Federación Galega de Fútbol** deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2023**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibida xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á **Real Federación Galega de Fútbol** para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á **Real Federación Galega de Fútbol** da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola **Real Federación Galega de Fútbol** na documentación aportada.

### VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A **Real Federación Galega de Fútbol** deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

### IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A **Real Federación Galega de Fútbol** destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a **Real Federación Galega de Fútbol** deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

### X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a **Real Federación Galega de Fútbol** poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a **Real Federación Galega de Fútbol** queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuzamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

### XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

### XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da **Real Federación Galega de Fútbol** serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no precepto e co debido respecto á protección de datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantías dos dereitos dixitais, en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se Derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos).

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á **Real Federación Galega de Fútbol** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.